

## CURSO ESCOLAR 2023-2024

### SERVIZOS DE COMEDOR E MADRUGADORES NA REDE DE CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

#### - INFORMACIÓN XERAL PARA AS FAMILIAS INSCRITAS NOS SERVIZOS-

O Concello de Santiago de Compostela poñerá en marcha o próximo 11 de setembro de 2023 o servizo de comedores e madrugadores nos seguintes centros de ensino públicos: Apóstolo Santiago, Quiroga Palacios, As Fontiñas, Roxos-Villestro, Vite, Mestre Rodríguez Xixirei (Lavacolla), Monte dos Postes, Raíña Fabiola, Ramón Cabanillas e no caso do CEIP Arquitecto Casas Novoa, só o servizo de madrugadores.

O servizo de comedores e madrugadores está organizado polo concello de Santiago de Compostela no marco do Convenio de colaboración coa Consellería de Educación para prestar un servizo ás familias con menores a cargo, que favoreza a conciliación da vida laboral, familiar e persoal, e a adquisición de valores e hábitos saudables desde a infancia.

#### I. OS HORARIOS DO SERVIZO NOS DISTINTOS CENTROS SON:

CENTROS	HORARIO ALMORZO <sup>*1</sup>	HORARIO XANTAR <sup>*2</sup>
CEIP APÓSTOLO SANTIAGO	7:30 h – 9:00 h	14:00 h – 16:30 h
CEIP CARDEAL QUIROGA PALACIOS	7:30 h – 9:15 h	14:15 h – 16:30 h
CEIP DAS FONTIÑAS	7:30 h – 9:00 h	14:00 h – 16:30 h
CEIP DE ROXOS	7:30 h – 9:30 h	14:30 h – 16:30 h
CEIP DE VITE	7:30 h – 9:30 h	14:30 h – 16:30 h
CEIP RODRIGUEZ XIXIREI	7:30 h – 9:00 h	14:00 h – 16:30 h
CEIP MONTE DOS POSTES	7:30 h – 9:00 h	14:00 h – 16:30 h
CEIP RAÍÑA FABIOLA	7:30 h – 9:00 h	14:00 h – 16:30 h
CEIP RAMÓN CABANILLAS	7:30 h – 9:00 h	14:00 h – 16:30 h
CEIP ARQUITECTO CASAS NOVOA	7:30 h – 10:00 h	-

\*1 A hora límite de acceso ao servizo de madrugadores será de media hora antes do inicio da actividade lectiva.

#### II. TELÉFONOS E CORREO ELECTRÓNICO DE CONTACTO DOS/AS COORDINADORES/AS

Para a mellor coordinación e información arredor deste servizo municipal de comedores e de madrugadores, os teléfonos de contacto dos coordinadores/as dos centros escolares durante a prestación do mesmo (calquera cambio que se produza darase a coñecer coa maior prontitude posible) son:

Horario de 7.00 h. – 9.30 h. e 13.45 - 16.30 h.	COORDINADOR	TELÉFONO
<b>COORDINADOR XERAL</b>	ANGEL CASTRO VAAMONDE	686 959 826
<b>CENTROS</b>		
<b>CEIP APÓSTOLO SANTIAGO</b>	ALVA ANSIA CALVIÑO	618 223 313

Coa colaboración de:



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP ARQUITECTO CASAS NOVOA	NEREA ARCA HERMIDA	638 261 526
CEIP QUIROGA PALACIOS	JOSÉ ANGEL TARRIO BUCETA	626 315 219
CEIP DAS FONTIÑAS	FATIMA FERNANDEZ RAVIÑA	650 477 516
CEIP DE ROXOS-VILLESTRO	LUCÍA BARRAL LAFUENTE	618 014 811
CEIP DE VITE	JOAQUÍN PINTOS CRESPO	636 477 626
CEIP RODRIGUEZ XIXIREI	RODRIGO KLÜVER CABANELAS	690 686 986
CEIP MONTE DOS POSTES	SHEILA HORTA OTERO	689 715 809
CEIP RAÍÑA FABIOLA	NEREA ARCA HERMIDA	669 055 941
CEIP RAMÓN CABANILLAS	YUDY GUTIERREZ JARA	682 869 618

**Alimentación Saludable Gallega. S.L** pon a disposición das familias usuarias do servizo os seguintes datos de contacto: Correo electrónico: [atencioncomedorsantiago@alimentacionsaludablegallega.net](mailto:atencioncomedorsantiago@alimentacionsaludablegallega.net)

### III. ORDE DE ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS<sup>1</sup>:

1. Tendo en conta o volume de solicitudes recibidas no curso 2022-2023; o número de persoas usuarias que fixeron uso dos servizos e a previsión de usuarios recollidos no Convenio de Colaboración (1.087 persoas) e se fose necesario restrinxir o número de persoas usuarias que poden facer uso do comedor, sería preciso establecer a seguinte orde de preferencia na asignación das prazas de madrugadores e de comedor escolar entre aqueles solicitantes que presenten a solicitude nos prazos establecidos:

**1º O alumnado bolseiro polo Departamento de Benestar social do Concello de Santiago de Compostela;** os/as nenos/as refuxiados/as ucraínos/as e os grupos de familias de especial consideración (Familias numerosas, familias monomarentais ou monoparentais; as familias con persoas con discapacidade ao cargo, familias en situación de violencia de xénero e as familias acolledoras).

**2º Aquelas familias nas que ambos titores estean traballando ou en tránsito laboral no horario de comedor,** ou un no caso de familias monoparentais/monomarentais.

Terán preferencia entre elas, as familias que soliciten os 5 días da semana e polo tanto, o mes completo. A continuación, a orde de asignación de prazas será en función do número de días solicitados e dicir: 1º lugar 5 días, 2º lugar 4 días, 3º lugar 3 días, 4º 2 días e por último os que soliciten un día fixo.

Sempre e cando existan prazas dispoñibles nos servizos de comedor e madrugadores, unha vez asignadas as prazas dos apartados 1 e 2, asignaríanse as prazas cos seguintes criterios:

---

<sup>1</sup> A Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela na sesión que tivo lugar o día 17 de xullo de 2023 aprobou os prazos e o procedemento de admisión nos Servizos de Comedor e de Madrugadores na Rede de Centros Públicos de Educación Infantil e Primaria do concello de Santiago de Compostela para o curso 2023-2024.

**3º As solicitudes de usuarios fixos** (5 días a semana, mes completo). A continuación, a orde de asignación de prazas será en función do número de días fixos solicitados e dicir: 1º lugar 5 días, 2º lugar 4 días, 3º lugar 3 días, 4º 2 días e por último os que soliciten un día fixo.

No caso de empate realizaríase un sorteo.

2. Todas as solicitudes entregadas nos prazos establecidos que non obtiveran praza, quedarán en lista de agarda ata que se produza unha vacante no servizo solicitado e irán entrando en orde segundo os criterios anteriores.
3. Para a asignación das citadas prazas, teranse en conta os servizos contratados. A empresa Alimentación Saludable Gallega, S.A. porá a disposición do servizo de madrugadores e comedores a APP ColeChef. Nesta plataforma de comunicación bidireccional poderase consultar a programación diaria de menús, a información nutricional e realizar as xestións de rexistro de altas e baixas nos servizos. Para utilizar o servizo de xantar e/ou almorzo será requisito imprescindible rexistrarse nesta APP.
4. Os datos facilitados polas familias, no caso de ser necesarios, serán comprobados coa listaxe de beneficiarios de Bolsas que resolva o Departamento de Benestar Social e coa acreditación documental, por parte das familias, de pertencer a grupos de familias de especial consideración ou da necesidade de conciliación laboral, ao coincidir os horarios de traballo co horario de comedor e madrugadores (ou no seu tránsito).
5. No caso de que as familias non fagan uso do servizo de madrugadores e de comedores sen causa xustificada por razón de forza maior e debidamente comunicada e acreditada, ou ben non faga uso do servizo en base á solicitude presentada durante dúas semanas continuadas, decaerá o seu dereito de reserva de praza no servizo de comedores e madrugadores, pasando ao último posto da lista de agarda e dando lugar ao cobro íntegro do servizo contratado.
6. Queda aberta a inscrición fora dos prazos establecidos, durante o resto do curso, unicamente co criterio de orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello, sempre que haxa praza vacantes e, despois de que entrasen os usuarios que realizaron a matrícula nos prazos establecidos.
7. As alerxias ou intolerancias alimentarias non impiden usar o servizo de madrugadores e de comedor, sempre que o impreso de inscrición (Modelo ED001 Educación) veña acompañado co correspondente certificado médico ou sexa remitido ao correo [atencioncomedorsantiago@alimentacionsaludablegallega.net](mailto:atencioncomedorsantiago@alimentacionsaludablegallega.net)

### III. FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE MADRUGADORE E COMEDORES

- Os servizos de comedor e madrugadores prestaranse os días lectivos do curso escolar 2023-2024 dende o primeiro ata o último día que se estableza no calendario escolar correspondente dos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Tendo en conta que o servizo de comedor e madrugadores se rexe pola normativa da Comunidade Autónoma de Galicia e polo Convenio de Colaboración coa Consellería de Educación para a xestión do servizo de comedor, se houberse algún cambio a ese respecto que poidera afectar ou ser de aplicación a estes servizos municipais con posterioridade ao acordo desta Xunta de Goberno Local, esa norma sería de aplicación e de cumprimento obrigado tanto para as persoas usuarias como para a empresa adxudicataria da xestión.
- No caso de non asistencia ao servizo de xantar e de almorzo, para o non aboamento do servizo, deberá comunicalo con data límite ás 16.00 h do día lectivo inmediato anterior a través da APP ColeChef.
- Para utilizar a modalidade puntual no servizo, será necesario activar o servizo na APP antes das 16:00 h do día anterior.
- A data límite para comunicar altas, baixas ou calquera outra modificación do uso do servizo para o mes seguinte comunicarase antes do día 25 de cada mes anterior.

- Non poderán facer uso de xantar e almorzo as persoas usuarias con recibos impagados de cursos anteriores.
- Para o curso 2023-2024 manteranse os mesmos prezos autorizados que foron aprobados na Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 23 de decembro de 2019:
  - Prezo almorzo/comensal/día: 1,94 €.
  - Prezo xantar/comensal/día: 4,50 €.

**Para máis información:**

Departamento Educación  
Edificio CERSIA Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, s/n – San Lázaro  
Tfnos.: 981 554 400/401 Fax: 981 571 511  
[dptoeducacion@santiagodecompostela.gal](mailto:dptoeducacion@santiagodecompostela.gal) [www.santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal)